



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MELIDE

*Anuncio sometemento a información pública do Proxecto construtivo ampliación do saneamento na parroquia de Santa María, Melide, A Coruña REV-02 clave : OH.315.1186*

**Asunto: Anuncio sometemento a información pública do “Proxecto construtivo ampliación do saneamento na parroquia de Santa María, Melide, A Coruña . REV-02, clave OH.315.1186” conforme ao Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Melide**

O 22/04/2022 a Presidenta de Augas de Galicia e o alcalde de Melide asinaron o “Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Melide para a ampliación do saneamento na parroquia de Santa María, Melide (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural, Galicia 2014-2020”.

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Melide que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “Ampliación do Saneamento na parroquia de Santa María, Melide, (A Coruña)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

A cláusula “TERCEIRA.- OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO” do devandito Convenio, no seu apartado 1, indica a obriga de someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a **20 días hábiles**, e emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, de ser o caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas.

En cumprimento do dita cláusula terceira sométese a información pública, o proxecto de

“ Proxecto Construtivo ampliación do saneamento na Parroquia de Santa María, Melide (A Coruña) REV-02 clave OH.315.1186”, asinado dixitalmente o día 19/05/2022 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos José Llanderrozas Calvo e visado polo colexio de enxeñeiros de camiños, canles e portos de Galicia co nº 2022/01759/01 e data 20/05/2022, polo período de 20 días hábiles a computar dende o seguinte día hábil ao da publicación do presente anuncio no BOP da Coruña.

Calquera interesado poderá consultar o proxecto no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello á que poderán acceder dende a paxina web do Concello:

<https://www.concellodemelide.gal>

ou no seguinte enlace:

<https://amtegabox.xunta.gal/index.php/s/FEJGwG9RaPY6mbT>

As alegacións ou reclamacións poderán presentarse no Rexistro do Concello ou por calquera medio dos admitidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dentro do prazo de 20 días hábiles de exposición pública.

Melide, 28 de xullo de 2022

O alcalde,

José Manuel Pérez Penas